



Abril 2006

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Aldea Global

A ONU prohíbe a tecnoloxía transxénica Terminator

A Comisión de Biodiversidade da Organización de Nacións Unidas (ONU), que se reuniu en abril na cidade brasileira de Curitiba, renovou a moratoria que existía dende o ano 2000 sobre as sementes transxénicas Terminator, manipuladas para que non poidan reproducirse nin ser utilizadas en vindeiras xeracións. **Páx. 8**

■ Agroecoloxía

O SLG impulsa un mercado de produtos frescos en Verín

O Sindicato Labrego Galego, co apoio do pleno municipal de Verín, está a impulsar a creación dun mercado de produtos frescos nesta vila ourensá. A idea naceu despois do éxito que tivo a instalación da carpa contra a OMC e a exposición nela de alimentos locais de orixe labrega. **Páx. 12**

■ Mulleres

8 de marzo: as mulleres labregas seguen padecendo desigualdade

A Secretaría das Mulleres do SLG aproveitou o 8 de marzo para denunciar as situacións de desigualdade que sufren as labregas. A última delas, a discriminación da Consellaría de Traballo ao excluír ás maiores de corenta anos das axudas á cotitularidade. **Páx. 13**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

O Ribeiro érguese contra as adegas que racharon os pactos da Mesa do Viño

■ Dous milleiros de persoas manifestáronse en Ribadavia, o pasado 10 de abril, para esixir o cumprimento dos acordos acadados e para reclamar uns prezos dignos para a uva.

■ Das 19 adegas que aceptaron os acordos, só tres se aproximaron ao seu cumprimento, e trece aínda non pagaron nin un peso polas uvas recoillidas na vendima do 2005. **Páx. 11**



Máis de 7.000 persoas nas concentracións en demanda de prezos dignos para o leite

O 6 de abril serviu para demostrar que o sector leiteiro galego non está a velas vir. Máis de 7.000 produtores e produtoras abandonaron nesa xornada as súas explotacións para plantarse diante das industrias e das grandes superficies comerciais, e darlles

un primeiro aviso. Esixen prezos dignos para produto do seu traballo despois de que se perpetrara unha baixada de dúas pesetas en febreiro. De non sentarse a negociar, as mobilizacións poderían continuar con máis forza aínda. **Páxs. 2 a 5**



Brasil prepárase para invadir Galiza con carne de raza Rubia Galega

Grazas á Asociación de Criadores de Rubia Galega (Acruga), o máis grande produtor de vacún maior do mundo, Brasil, está a criar a nosa raza autóctona por excelencia. As regras de mercado da globalización, e a irresponsa-

bilidade deste colectivo, son dous ingredientes perigosos que poden levar á ruína do sector cárnico galego, pois non hai que esquecer que Brasil, hoxe, xa exporta carne a Europa que chega a prezos máis baratos cá nosa. **Páx. 6**

O temporal deixa perdas millonarias nas explotacións de horta galegas

Segundo as estimacións dos técnicos do Sindicato Labrego, o temporal de abril provocou estragos nas explotacións hortícolas do norte d'A Coruña por valor de dous millóns de euros. O problema agrávase por un sis-

tema de seguros agrarios inxusto, imposto por Madrid, que non se adapta á nosa realidade. O SLG xa reclamou a creación dunha comisión que avalie os danos e busque fórmulas de compensación económica. **Páx. 7**



As explotacións leiteiras únense contra a nova baixada de prezos

Os tres sindicatos agrarios con presenza en Galiza xuntaron as súas forzas nas mobilizacións do 6 de abril

Abril semella ser o mes no que labregos e labregas unen forzas para protestar ante a caída de prezos de principios de ano. Así aconteceu o 25 de abril de 2003 cunha manifestación das tres organizacións agrarias; e

así foi este 6 de abril, xornada na que máis de 7.000 produtoras e produtores de leite de toda Galiza lle deron un aviso a industrias e grandes centros comerciais: ou negocian un prezo digno, ou as medidas serán máis contundentes.

A pesares do diálogo no sector leiteiro propiciado pola Consellaría de Medio Rural, finalmente produciuse o desencontro entre as industrias e as organizacións agrarias. A falla de acordo tivo lugar na Mesa do Leite do 9 de marzo.

En declaracións dun dos participantes neste foro, o responsábel de acción sindical gandeira do Sindicato Labrego Galego (SLG), Xabier Gómez Santiso, "as industrias mantivéronse nunha posición pechada consistente en baixarlle un 4% ao prezo do leite, é dicir, 2 pesetas por litro en febreiro, e 1 peseta en marzo. Nin sequera falaron de compensar máis tarde esa caída". Santiso engadiu que "xa non pediamos ningún incremento no prezo, cando o normal sería que subise segundo o IPC. É dicir, cando debería haber unha alza no prezo, resulta que o baixan".

Gómez Santiso engadiu



A Mesa do Leite do 9 de marzo saldouse co anuncio de baixada de prezos por parte das industrias

que "a marxe de beneficio de moitas explotacións rolda os 3 céntimos por litro, é dicir, case o mesmo que pretenden baixar as industrias. Isto é

así porque os custes de produción disparáronse en insumos coma pensos, cereais, gasóleo ou abonos. A isto habería que sumar que o

meirande das explotacións leiteiras galegas están moi endebedadas pola compra de cota ou por melloras feitas nas súas instalacións".

Aviso ás industrias lácteas galegas e do Estado: "Que non pensen que van quedar a salvo"

No acto central da xornada, en Campolongo, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, comezou a súa intervención declarando que "estamos aquí porque queremos vivir dignamente do noso traballo. E iso significa, nin máis nin menos, que ter un prezo digno. Non é de recibo que, mentres todos os sectores laborais negocian canto soben os salarios; para as persoas que vivimos do leite, se nos diga que debemos discutir en canto baixa o noso soldo".

Senra desenmascarou a compensación da baixada de prezos con subvencións europeas, que non deixan de ser "diñeiro público para que as grandes empresas multi-

barato aquí e vender caro en todo o mundo".

Lidia Senra tamén criticou a imposición da competitividade ás explotacións, dos investimentos millónarios para mellorar: "Dixéronnos que se faciamos todo iso íamos vivir moi ben. Pero resulta que non é así. O que pretendían con esa modernización era levarnos de camiño a unha nova caste de escravitude".

A Ministra quere leite aínda máis barato

Finalmente, advertiu que "este é só o punto de partida", e lanzoulles unha mensaxe de advertencia ás industrias leiteiras galegas e do Estado: "Que non pensen que quedan a salvo. Ímoslles



pedir que se desmarquen dos intereses das multinacionais, que rachen a unidade para baixar o valor do leite, e senten a negociar un prezo mínimo". De non facer isto último, Senra adiantou a posibilidade de "boicotear o produto que venden no mercado", actividade coa que "podemos mancalas moito".

En canto ao papel das Administracións nesta crise, Lidia Senra valorou positi-

vamente as iniciativas dea Consellaría de Medio Rural á hora de propiciar as negociacións e impulsar unha lei de mobilidade de terras. Tamén pediu a implicación da Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, "para que tome un papel activo na mediación para resolver este conflito", e criticou unhas declaracións súas á televisión nas que dixo que "debíamos producir máis barato para competir".

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169

MAZARICOS - Bar Jurjo

SANTA COMBA

Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909

ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º

Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS

Praza da Constitución nº 4, 1º.

Tlf: 981 773377

SARRIA

Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186

CURTIS

Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654

SAN SADURNIÑO - 981 490430

Lugar de Outeiro s/n

AS PONTES - Rúa Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tel. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Teléfono: 630 970 131

O CARBALLIÑO, Casa sindical

Teléfono: 630 970 131

VERÍN

Travesía de Sousas nº 20, Galerías

Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439

RIBADAVIA

CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230

Fax. 988477230

XINZO

Casa Sindical Tlf. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

LUGO

Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE

Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005

CHANTADA

Praza do Concello, baixos AISS

Tlf/Fax: 982 462103

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ

Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tlf.982 512431

A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

AGOLADA - Bar Central

FORCAREI - Casa do Concello

MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714

LALÍN

Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191

SILLEDA - Avenida do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,

1º esq / Tlfno. 981 789 781

PONTEAREAS

R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.

Rosales. Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tlf. 986 711825

VIANA DO BOLO Antigo centro de

saúde. Tlfno. 629 621 047

O éxito das mobilizacións enche de azos @s gandeir@s para continuar coa loita

Máis de 7.000 persoas concentráronse en total nos tres enclaves elixidos para as concentracións

Mentres que no 25 de abril de 2003 se fixera unha manifestación multitudinaria en Compostela; o 6 de abril de 2006 as mobilizacións repartíronse entre as factorías de Lactalis, en Vilalba

(Lugo); a de Leite Celta, que pertence a Suíza Foods, en Campolongo (Pontedeume, A Coruña); e Nestlé, en Pontecesures (Pontevedra). As organizacións agrarias estiveron de acordo á

hora de valorar moi positivamente a afluencia masiva de gandeiros e gandeiras: máis de 7.000 persoas distribuídas nunhas 3.000 en Lugo, 2.500 en Coruña, e 2.000 en Pontevedra.

A Secretaria Xeral do SLG explicou na súa intervención diante de Leite Celta que "eliximos concentrarnos diante destas multinacionais porque elas teñen un papel clave na determinación dos prezos dos produtos agrícolas". Neste senso, denunciou as manobras das grandes corporacións, amparadas nas regras dadas pola Organización Mundial do Comercio (OMC) para "rematar coas fronteiras comerciais e establecer prezos máis baixos aínda cós que xa temos".

A maiores, as medidas de forza dos sindicatos tiveron continuidade despois do mediodía en tres grandes áreas comerciais: os Carrefour de Lugo e A Coruña, e Alcampo en Santiago.

A intención desta parte das protestas foi a de denunciar as prácticas das grandes superficies comerciais, que contribúen a tirar os prezos do leite con marcas brancas que utilizan como reclamo da clientela, produto que, en moitas ocasións, baixa dos 50 céntimos por litro.

En canto ás incidencias, en Alcampo, a xente que entrou no hipermercado forzou á dirección a retirar todo o leite que baixaba dos 50 céntimos dos andeis de venda ao público.

No centro Carrefour d'A Coruña, queceron os ánimos cando varias persoas se decataron de que a xerencia pretendía mostrarse deles ocultando os prezos das marcas brancas; descuberta a trampa, os propios gandeiros e gandeiras retiraron ese leite e verteron algúns bricks de xeito simbólico, unha acción que tamén se levou a cabo no Carrefour de Lugo.



Campaña exemplar do Sindicato Labrego Galego

Previamente ás mobilizacións, o SLG fixo unha campaña informativa concello a concello por toda Galiza, convocando a todo o censo leiteiro. Así, en dúcias de charlas, non só se emprazou a gandeiros e gandeiras a apoiar as manifestacións senón que, ademais, animóuselles a participar na elaboración das demandas do sector. Neste senso, acordouse non tolerar ningunha baixada no valor do leite neste ano que sitúe aos prezos do 2006 por debaixo dos do 2005; en caso de ocorrer, continuarán coas mobilizacións.

Polo demais, esta campaña reivindicativa foi un suma e segue despois da realizada con motivo do último cumio da Organización Mundial do Comercio (OMC), un organismo internacional que ten moito que ver na baixada de prezos de todos os produtos agrarios. Neste senso, e en relación co sector leiteiro, o SLG concentrou a un milleiro de gandeiros e gandeiras na cidade d'A Coruña, o 19 de outubro de 2005, para protestar contra a influencia da OMC na caída do prezo do leite en Europa, e para reclamar un prezo mínimo que cubra os custos de produción e remunere de maneira digna o traballo de labregos e labregas.



De arriba a abaixo, e de esquerda a dereita: concentración diante de Lactalis, en Vilalba; o compañeiro Mariano Lema diante de Alcampo, en Santiago; queima de pneumáticos en Nestlé, Pontecesures; Lidia Senra durante a súa intervención en Campolongo; e retirada de leite de marca branca en Alcampo tras as protestas de gandeiros e gandeiras.

Fouce fala coas persoas protagonistas das mobilizacións

As voces da dignidade

Quen protagonizou a xornada de protesta do 6 de abril foron eles e elas, gandeiros e gandeiras que sufren o impacto directo das políticas egoístas das industrias. Falamos con tres para escoitar a súa voz, que é a mesma voz dos máis de 7.000 que deixaron por un día as súas explotacións para dicir basta xa. O seu problema é o problema de todos e todas: custes de produción -abonos, pensos, carburantes- que non paran de aumentar, prezos que caen, obriga de escravizarse traballando cada vez máis para gañar o mesmo... Velaí a súa testemuña.



Manuela López Barral, Momán, Xermade (Lugo)

“Algún mes, como cando hai que ensilar ou abonar, xa non sacas nada en limpo”

A Manuela baixáronlle dúas pesetas o prezo do leite en febreiro. Para ela, "xa non tiñamos un prezo demasiado digno, e agora é menos". As continuas caídas en valor do leite fan que deba "traballar moitas horas para gañar algo, pois os prezos que temos obríganos a traballar moito máis para que renda algo o que facemos. Os cartos que gañamos, malamente nos chegan para cubrir os custes da explotación". As condicións de vida a que obriga a dictadura dos prezos resúmea Manuela nunha soa frase: "levo trinta anos de gandeira e nunca unhas vacacións tiven".

Con amarga ironía, comenta que "ou é que non sei administrar ben o diñeiro ou, simplemente, non chega. Ás veces parece que cobras moito, pero cando te decatas xa gastaches todo. Algún mes, como cando tes que pagar os abonos ou cando hai que ensilar, xa non sacas nada en limpo. E preguntáste: ¿para quen traballamos? Para os fabricantes de abonos e de pensos, pois para nós pouco queda".

Respecto das ganancias que levan as industrias e as grandes superficies a costa das explotacións, Manuela remata dicindo que "o Estado debería evitar que uns gañen tanto e outros tan pouco".

Emilio Manuel Cores Fernández, Cardama, Oroso (A Coruña)


“Os prezos son un impedimento para que a xente se incorpore á actividade agraria”

A Emilio tamén lle baixaron dúas pesetas en febreiro. Cos custes subindo día a día, este mozo de Oroso queixase de que "beneficio xa non quedaba moito, polo que se segue baixando o prezo chegará un punto no que non nos vai dar nin para cubrir custes e non nos quedará outra que pechar".

Pola súa idade, Emilio é máis sensíbel coa problemática da xente nova. Cóntanos que ten "un veciño mozo que agora está na dúbida de incorporarse nunha explotación leiteira ou non. El quere, porque lle gusta a profesión, pero ten dúbidas. O prezo baixo é un dos máximos impedimentos que

hai para que a xente nova se incorpore á actividade agraria. O medio rural fica deserto. A xente non se anima a quedar porque, cada vez, o nivel de vida sobe máis e os prezos que nos pagan baixan".

Así e todo, Emilio ten esperanzas ao ver "ao sector máis animado". Por iso, non dubidou á hora de lanzar "unha mensaxe para que a xente se concencie de que temos que loitar, e que non ten nada que ver que unha explotación sexa de cen cabezas ou de vinte. Do leite vivimos todos, e ten dereito a traballar e a vivir do seu traballo dende o máis grande ata o máis pequeno. Así que, ánimo, e a loitar".



Manuel Carbia Martínez, Santeles, A Estrada (Pontevedra)

“Xa logo compensa mercar o leite no súper, botalo no tanque, e mandalo á fábrica”

Falando con Manuel Carbia no Alcampo de Compostela, ironizaba con que "ao prezo que está o leite nas grandes cadeas comerciais e supermercados, xa logo compensa vender as vacas, mercar os cartóns, botalos no tanque e mandalo á fábrica".

Neste senso, Manuel reclama para as grandes áreas comerciais, case todas francesas, as mesmas leis de Francia, pois, co regulamento do país veciño "en Galiza non podería haber ningunha superficie comercial destas características".

A el tamén lle baixaron dúas pesetas en febreiro, pero, a maiores, denuncia tamén "unha baixada encuberta en xaneiro pola graxa". Neste tema dos

prezos, Manuel lembra que "cando eu tiña vinte anos, dabas vivido con dez ou quince vacas; pero hoxe, leváronnos a un modelo no que xa non se sabe cantas vacas hai que ter para poder vivir, pois cada día que pasa gañas menos".

A pesares dos problemas, este gandeiro d'A Estrada saíu animado das mobilizacións, e confesa que, un día antes, "agardábase unha resposta aceptable, pero nin os máis optimistas contaban con tanta xente". Con eses azos, Manuel non dubida á hora de dicir "se as industrias seguen na súa teima, ten que haber unha resposta máis dura: tractoradas, deixar de subministrar leite, ou o que faga falla".

Editorial

Defendemos os prezos, defendemos o dereito a vivir dignamente do noso traballo

Nos primeiros días do mes de abril, miles de labregos e labregas de Galiza saímos á rúa en defensa de prezos mínimos para o leite; o mesmo aconteceu no Ribeiro, onde saíron para obrigar ás adegas a cumprir os acordos acadados na Mesa do Viño do Ribeiro para a vendima do 2005.


Ambas mobilizacións puxeron de manifesto a precariedade na que traballamos os labregos e labregas da Galiza. Tamén amosaron que, mentres que en calquera sector laboral se discute canto van subir os salarios; no noso caso, as empresas pretenden negociar, e que os sindicatos lle aceptemos, canto van baixar os prezos do leite, no sector lácteo; ou rachar o compromiso acadado para o pago das uvas, no caso do sector vitivinícola.

Dende o Sindicato Labrego Galego, entendemos que a situación pola que estamos a atravesar os labregos e labregas de Galiza en todos os sectores produtivos é totalmente inaceptábel. Estamos diante da pinga que fixo rebordar o vaso, e por iso os labregos e as labregas participaron dun tan xeito masivo nas mobilizacións.

O Sindicato Labrego Galego agarda que as empresas tomen nota e respondan satisfactoriamente ás demandas que están enriba das mesas de negociación: no caso do leite, que anulen a baixada de prezos que teñen acordada para o ano 2006, e que senten a negociar prezos mínimos que cubran custes e traballo de produción; e no caso do viño, que respecten os acordos acadados para a vendima do 2005, e senten a negociar prezos mínimos para a uva. Demandamos, así mesmo, que nas mesas senten tamén as bases para regular a compravenda mediante contratos homologados que sexan de obrigado cumprimento. Para o Sindicato Labrego Galego é fundamental que, dende a Consellería de Medio Rural, continúe o labor de mediación e de convo-

catoria das mesas, e tamén que se inicie unha política activa que dea prioridade aos produtos labregos da Galiza para que estean no noso mercado ao alcance de toda a cidadanía.

Finalmente, as nosas demandas van dirixidas ao Ministerio de Agricultura para que se implique e asuma un papel de mediación. Neste senso, instamos á Ministra, Elena Espinosa, a que deixe de facer declaracións dicindo que os prezos deben baixar. En troques, pedímoslle que, nos foros internacionais, se posicione para que a agricultura e a alimentación queden fóra das negociacións da Organización Mundial do Comercio, e que demande unha reforma en profundidade da Política Agraria Común que sitúe o debate dos prezos no centro.



Acruga axuda a Brasil para que produza carne a baixo custe da nosa raza de vacún por excelencia

Rubias galegas a ritmo de samba

Das curiosidades da globalización poden xurdir paradoxos coma que explotacións de vacún brasileiras produzan carne de raza Rubia Galega. E isto é así por obra e gracia da aso-

ciación de criadores que seica promove esta vaca no noso país, Acruga, que, en virtude de varios convenios, está fornecendo ao maior produtor de gando vacún maior do mundo de seme

da nosa raza autóctona. Unha nova preocupante pois, actualmente, Brasil exporta carne de vacún á Unión Europea máis barata cá nosa, aranceis e gastos de transporte incluídos.

Acruga é unha asociación que naceu, seica, para promover unha das nosas razas autóctonas de vacún: Rubia Galega. Non embargante, o seu xeito de actuar está fornecendo a terceiros países cun material xenético autóctono que, na nosa terra, só está ao alcance dos petos máis cheos.

O caso máis preocupante é o da venda de seme de Rubia Galega ao Brasil. Por unha banda, preténdese crear unha nova raza híbrida a partir do cruce entre a de Galiza e a Nelore

brasileira. Pero, ademais, tamén se está a falar da produción de "Carne de Rubia Galega do Brasil". Se isto é así, as explotacións galegas xa poden comezar a tremar: Brasil é o maior produtor mundial de vacún maior, cun censo de 176 millóns de cabezas de gando; e exporta a carne a Europa a prezos inferiores aos nosos, aranceis e transporte incluídos.

Isto fixo que, tanto o Sindicato Labrego Galego como a IXP Tenreira Galega, denunciasen a situación diante da Consellaría de Medio Rural.

Granxas do Brasil con marca galega

En palabras do coordinador da Dirección Nacional da Carne de Vacún do SLG e vocal en Tenreira Galega, Xosé Álvarez Lombardero, "semella que Acruga ten a obsesión de vender seme de Rubia Galega. Evidentemente, estamos nun mercado libre e pode facelo. Pero, dende logo, o que non se pode permitir é que explotacións brasileiras utilicen as nosas marcas de calidade ou o nome de Galiza

para vender". Respecto do chamado á Medio Rural, Lombardero explicou que "se tomen as medidas oportunas neste tema, e dentro das competencias da Consellaría, para que non se produza unha fraude máis".

Respecto da implantación da raza Rubia Galega no noso país, Álvarez Lombardero estráñase do "afán de Acruga por venderlle seme de Rubia Galega ao Brasil, cando na Galiza ás penas das atopado vacas desta raza. De feito, se alguén quere poñer unha ex-

plotación de Rubia Galega teno moi difícil, de non ser que vaia ás poxas organizadas por Acruga, onde mercar unha res cóstache un ollo da cara".

Lombardero en gade que "en troques de tentar recuperar esta raza para Galiza, a teima de Acruga é venderlle o seme a outros países coma o Brasil. Hoxe en día podes visitar zonas eminentemente produtoras de carne de vacún, como a montaña de Lugo ou Ourense, e case non se ven vacas de Rubia Galega".

A Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega está a desenvolver unha campaña promocional da categoría Ternera Gallega Suprema para informar e fomentar o seu consumo. Esta actividade promocional consta dun total de 220 vallas publicitarias repartidas por toda Galiza, atendendo a criterios como a distribución e a densidade de poboación, así como de 540 carteis sinalizadores (mupys), localizados nas sete cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol.

Esta campaña publicitaria enmárcase dentro da nova liña de comunicación de Ternera Gallega, dirixida aos consumidores e consumidoras que apostan polo consumo saudable, a dieta equilibrada, san e nutritiva, e polo pracer de inxerir alimentos de calidade, sendo estes os segmentos de mercado con maior crecemento no noso país.

Mediante o slogan "Sabes como sabe?...Disfruta Suprema", a IXP Ternera Gallega pretende reforzar os obxectivos que persegue con esta serie de accións promocionais, como son: potenciar o consumo desta categoría, continuar posicionándose no mercado para mellorar a súa comercialización e proseguir incentivando e motivando aos responsables de carnicería para que participen e transmitan as cualidades e garantías de Ternera Gallega Suprema.

A outra cara da moeda: promoven por primeira vez a Tenreira Galega Suprema

Sabes como sabe?
Suprema, de Ternera Gallega

Disfruta Suprema

INDICACIÓN XEGRÁFICA PROTEXIDA
TERNERA GALLEGA
CONTRATU DE CERTIFICACIÓN
SUPREMA
NACIDO, CRIADO E SACRIFICADO EN: GALICIA-ESPAÑA

En Galiza pódense ver, agora mesmo, 220 vallas publicitarias como a da imaxe para promover a carne da Suprema

Unha vella teima reivindicativa do SLG

Distinguir a carne producida en explotacións labregas da que sae dos cebadeiros industriais foi sempre unha das reivindicacións do Sindicato Labrego Galego no seo da IXP. Sen ir máis lonxe, o vocal do SLG neste órgano regulador, Xosé Álvarez Lombardero, declaraba no Fouce de febreiro que "o Sindicato Labrego Galego vén demandando, dende hai moito tempo, campañas de promoción específicas para a Suprema, algo que nunca se fixo, coa desculpa de que non estaba ben tipificada, e de que Ternera Gallega é unha soa marca".

Nesa mesma entrevista, Álvarez Lombardero xa adiantaba a inminencia da presente campaña ao revelar para Fouce que "agora, por primeira vez, hai unha partida de 150.000 euros para promover a Ten-

reira Galega Suprema, o cal semella un indicativo de que a nova Consellaría de Medio rural está na liña de apoiar a diferenciación".

Para o Sindicato Labrego Galego, campañas como a presente eran e son necesarias para diferenciar claramente a carne producida en explotacións labregas da que sae dos cebadeiros industriais, xa que as calidades son moi diferentes pero, ata o de agora, a diferenciación de cara á xente case non existía.

Ademais, segundo o responsábel da Dirección da Carne do SLG, a falla de diferenciación "acada a dimensión dun problema social", pois "mentres que a produción tradicional supón o sustento de moitas economías familiares no rural, o cebo industrial é un negocio puro e duro".

O temporal causa perdas millonarias nas explotacións de horta e flor coruñesas

O SLG pide convocar unha comisión urxente que avalíe os danos e busque fórmulas de compensación

As explotacións de horta e flor da provincia da Coruña están acumulando perdas millonarias por mor dos efectos devastadores que está do temporal nos invernadoiros e nas colleitas. Segundo estimacións dos técnicos do Sindicato Labrego Galego, só na zona norte da provincia coruñesa os danos nos cultivos de leituga e nos invernadoiros ascenden a unha cifra aproximada de 1.620.000 euros. Daquela, se estendemos o abano a outros cultivos de horta, ou á floricultura, os danos poderían superar os dous millóns de euros.



Os estragos deixaron inservíbeis moitos invernadoiros e, ao mesmo tempo, deixaron desprotexida toda a colleita ante aos ataques dos fungos

O responsábel do sector nesta bisbarra do norte coruñés, Antón Sánchez García, calcula en que as explotacións de horta afectadas pola climatoloxía adversa, dun xeito ou outro, ascenden ao 80%.

Diante desta situación catastrófica para o sector, que ven sendo un suma e segue despois de perdérense boa

parte das colleitas estivais por mor dunha praga de Trips, o Sindicato Labrego esixiu a convocatoria urxente dunha comisión avaliadora integrada por representantes da Administración e das tres organizacións agrarias, para que faga un estudo dos danos totais ocasionados polos estragos do temporal e, ao

mesmo tempo, para que busque fórmulas de compensación a estes danos, de maneira que a renda das explotacións se vexa o menos afectada posíbel.

Asemade, o SLG pedirá que haxa un cambio na normativa dos seguros agrarios para que se adapten á realidade e idiosincrasia de Galiza, pois nestes intres non

cobren as necesidades propias do sector hortícola galego.

Ademais, as perdas e danos poderían seguir aumentando segundo alertaron os técnicos de horta do Sindicato Labrego. Neste senso, as medidas para tratar de corrixir os danos polo mal tempo e paliar os estragos do temporal obri-

garán aos labregos e labregas afectados a asumir gastos que engrosarán a conta das perdas causadas pola xistra.

Un destes gastos engadidos será o da necesidade de aplicar tratamentos fitosanitarios ás colleitas que fixaron á intemperie, xa que van sufrir, con toda probabilidade, ataques de fungos.

Galardoan a Aristóbulo Quinteiro co Premio Moncho Valcarce


Na súa décimo terceira edición, celebrada na cidade d'A Coruña, os premios Moncho Valcarce premiaron na categoría "Pola Defensa da Terra" ao fundador das Comisións Labregas na bisbarra do Ribeiro: Aristóbulo Quinteiro. Na cerimonia de entrega dos galardóns, o noso compañeiro e responsábel de relacións internacionais do Sindicato Labrego, Xosé Ramón Cendán, foi o encargado de facer lembranza da traxectoria persoal, social, política e sindical deste persoeiro.

Quinteiro iniciouse na loita social defendendo os intereses dos seus, os produtores de uva do Ribeiro, tanto na reivindicación duns prezos xustos; como nas denuncias contra a fraude do matute, que traía uva de fóra para elaborar viños etiquetados como do Ribeiro.

Labrego de profesión, Aristóbulo Quinteiro, amais de traballar as súas terras e ser o fundador das Comisións Labregas no Ribeiro, tamén foi un destacado membro da dirección deste sindicato, concelleiro

nacionalista en Beade, e militante activo da Unión do Pobo Galego (UPG) e da Asemblea Nacional Popular Galega (ANPG), xermolo do que habería de xurdir o Bloque Nacionalista Galego que hoxe todos e todas coñecemos.

Cendán recordou a importante contribución e compromiso de Aristóbulo Quinteiro en todo tipo de mobilizacións sociais, dende as Encrobas, Baldaio ou contra a central nuclear de Xove; ata, máis recentemente, o movemento da Plataforma



Quinteiro conversando co responsábel da Dirección do Viño do SLG, Xurxo Álvarez, nas mobilizacións do 10 de abril

Nunca Máis. Tamén destacou del o seu espírito crítico e, ao mesmo tempo, participativo, "algo fundamental para que as organizacións funcionen".

Xunto a Quinteiro, tamén foi galardoado na categoría "Pola promoción da terra" Xosé Chao Rego, gran humanista comprometido coa realidade social do País.

Labreg@s da comarca de Ordes melloran na xestión de cadansúa explotación

Un curso organizado polo SLG propicia coñecer experiencias anovadoras á hora de rexentar unha granxa

O Sindicato Labrego Galego da bisbarra de Ordes está a desenvolver un curso de xestión de explotacións a través do cal, un total de dezoito alumnos e alumnas, amais das indispensábeis

clases teóricas, están a coñecer iniciativas ben interesantes nos traballos agrarios e gandeiros. Con eles, e con elas, Fouce compartiu a visita a unha cooperativa leiteira da parroquia

fradense de Añá. Alí puidemos comprobar que iso de que o traballo da terra é unha actividade escrava xa forma parte do pasado. Traballar si, pero sen renunciar a unha boa calidade de vida.

A xornada do 31 de marzo foi de saída de campo para os dezoito integrantes do curso de "Xestión das explotacións", organizado polo Sindicato Labrego Galego da comarca de Ordes. Labregos e labregas de concellos como Oroso, Mesía, Tordoia, Trazo, Frades ou Cerceda están a aprender grazas a esta iniciativa os parámetros económicos que se manexan na xestión dunha explotación e, por outra, os recursos con que se contan de cara a poder saber cal é o mellor investimento que se pode facer en cada caso.

Nese marco habería que encadrar as visitas a explotacións que se fixeron o 31 de marzo. Así, pola mañá o alumnado viaxou por terras de Monfero e Irixoa para ver o funcionamento dunha explotación familiar que, dende hai anos, conta cun traballador de apoio. Escolleuse esta explotación porque as instalacións coas que conta son as mesmas de hai 25 anos, coa particularidade de ter un traballador dende hai bastante tempo,



Os cooperativistas explicarán ao alumnado do curso as vantaxes da súa asociación laboral

polo que serviu de exemplo a seguir para a xente moza que se quere incorporar á actividade agraria tendo tempo de lecer.

En resume, Xoán, Benigno,

Ricardo, Xoán Manuel e Marisol están máis que satisfeitos coa experiencia da cooperativa, e non dubidan en animar a calquera que traballe en solitario a que se

asocie para mellorar. Respecto disto, pensan que "moita xente non se asocia por descoñecemento, ou por pensar que todo é moi complicado. Pero non é para tanto".

Gandeiros e gandeiras con vacacións en verán e Nadal, e días de lecer periódicos

Xa pola tarde, a expedición recalou en Añá, no concello de Frades. O motivo da visita foi o mesmo: coñecer de preto unha pequena cooperativa todos na que todos os socios -Xoán, Benigno, Ricardo e Xoán Manuel- teñen as súas vacacións, tempo libre, días de descanso, etcétera; privilexios dos que tamén goza Marisol García, muller dun dos socios que traballa na cooperativa como asalariada.

Ao relatar a súa experiencia, os cooperativistas contaron que "xuntámonos catro explotacións pequenas de Añá para mellorar a nosa calidade de vida. Non as-

pirabamos a gañar máis cartos dos que gañabamos antes. Agora, cada un ten o seu soldo. Cada tres fins de semana, libramos un. En épocas nas que hai menos traballo, libramos un día á semana a maiores. Respecto ás vacacións, cada un colle quince días no verán, e unha semana a maiores polo Nadal. E en canto ao traballo, procuramos madrugar: ás sete estamos na explotación, e ás dez, ou dez e media, xa rematamos. Despois, ata as cinco non volvemos".

Os comezos non foron doados, coas imaxinábeis trabas burocráticas nun proceso de unión destas carac-



De esquerda a dereita: Xoán Manuel, Benigno, Marisol e Xoán; ese día faltaba o cuarto socio: Ricardo

terísticas, e os receos persoais de cadaquén. Aínda así, todo iso superouse sen problemas maiores. Cunhas duascenas reses entre vacas e xovencas, e unhas cincuenta hectáreas traballadas ao máximo rendemento com-

plementadas con outras dedicadas a herba seca, se cadra a explotación non é das grandes, pero dálles para vivir cun soldo digno e cunha calidade de vida que nunca tiveron traballando en solitario.

Chícharos para forraxes e unha estación eólica propia para crear electricidade

Un dos puntos máis interesantes da visita foi coñecer as experiencias innovadoras que están a emprender nesta cooperativa de Añá grazas a unhas axudas da Deputación da Coruña. Unha delas consiste na plantación experimental de chícharos como fonte de proteínas na alimentación do gando. Trátase dun suma e sigue na opción inicial de alimentar ao gando con pensos e forraxes producidas na propia explotación.

Así, "unha das nosas ideas iniciais á hora de xuntarnos foi a de aproveitar ao máximo a posibilidade de poder producir as nosas propias forraxes para que a alimentación do gando nos saia o máis barata posíbel. Ao mesmo tempo, tamén quixemos alimentar ás vacas co que producimos nós, pois non queremos ter a terra sen traballar. Se antes de plantar millo lle podemos sacar ás leiras unha colleita de chícharos e trigo, mellor. E, amais de abaratar custes, sabemos o que comen as nosas vacas".

Outro dos proxectos innovadores é a instalación dunha pequena estación de enerxía eólica, todo un progreso, pois "agora temos unha instalación eléctrica un tanto precaria, sumando á electricidade da explotación, a da casa dun socio e a que produce un grupo electróxeno. A estación eólica almacena a enerxía do vento nunhas baterías, suficiente como para traballar sen problemas na hora punta do muxido; mesmo cando non hai vento, as baterías poden acumular a electricidade da rede convencional para que non teñamos problemas".

Marisol García Freire, membro da Dirección Nacional do SLG e traballadora nunha cooperativa leiteira

“Na nosa cooperativa sabemos que hai que dar a batalla polos prezos do leite”

Marisol levaba case tres décadas traballando todos os días na súa explotación leiteira de Añá, en Frades, ata que decidiu, xunto ao seu home, Benigno, asociarse a outros veciños

nunha cooperativa. Iso foi hai tres anos, e dende entón a súa vida non volveu ser a mesma. Se antes non tiña unha soa xornada de folgar, agora ten vacacións no verán e en Nadal, amais

dos días libres. Cunhas duascientas reses, na cooperativa están a desenvolver proxectos innovadores, mentres ven con preocupación a nova baixada de prezos anunciada pola industria.

■ ¿Están a percibir un bo prezo polo leite na cooperativa?

Para nada. Nese tema cómpre aínda loitar moito, pois os prezos para nós, que producimos leite de moi boa calidade, parécennos demasiado baixos. Ademais, debemos ter en conta que nos están a subir todo: Seguridade Social, pensos, gasóleo, etcétera. Na nosa cooperativa somos conscientes de que aí temos que dar a batalla, mobilizarnos, facer o que sexa para acadar uns prezos dignos.

■ ¿Como pensa que lle afectará á súa cooperativa a baixada de catro pesetas da industria?

A nós, catro pesetas por litro supónnos moito: a nosa explotación está producindo 2.000 litros diarios, o que supón unhas 240.000 pesetas ao mes. Por riba, estamos metidos en créditos que hai que pagar, repuxemos vacas, mercamos cota, etcétera.

Nós, cando pedimos o préstamo, contabamos cun prezo do leite estable; pero se agora vén esta baixada que non preveíamos... Dáche a sensación de que traballas para calquera menos para nós. O lóxico sería que leite subira cada ano, como fan os prezos en xeral.

■ Supoño que esa baixada tocará bastante a toda esta zona, en xeral.

Si, pois a principal actividade económica de Frades é a produción leiteira. Só con que baixen unha peseta xa se nota moito. Eu son optimista, pero cando a industria vén con estas ameazas xa non sabes que facer. Levamos así moitos anos, e os prezos sempre van a menos. Nese senso, non temos nada: nin contrato, nin prezo mínimo. Estamos nas mans das empresas.



Para Marisol García, o traballo das mulleres labregas é o que está a soste o medio rural

■ ¿Pensa que a Administración está a facer o necesario diante do problema?

Eu son moi optimista coa xente que está agora na Consellería de Medio Rural. Sei que, neste intre, aí hai persoas que saben no que traballan e do que falan.

Ata o de agora, as políticas

que tivemos foron nefastas. Pero, aínda que teño moita ilusión e esperanza, tamén son moi realista, e sei que só dende a Xunta isto non se vai resolver, pois tamén nos afectan as decisións do Ministerio de Agricultura en Madrid, ou da Comisión Europea en Bruxelas.

En Galiza, debemos unírmolos todos e loitar; pero o problema do leite, só dende o noso país e dende a Xunta, non o imos dar amañado. Así e todo, unha cousa está clara: non é o mesmo ter á Consellería de Medio Rural da nosa banda, que ter que estar loitando contra ela.

“Somos as mulleres quen tiramos do medio rural co noso traballo”

■ Como muller labrega, ¿pensa que seguen existindo situacións de discriminación na actividade agraria?

Si que hai discriminacións no rural, pero non por traballar no agro vas estar máis discriminada que noutros traballos.

No agro, eu noto máis a discriminación na cuestión económica. A explotación, aínda que estea a nome da muller, quen xestiona segue sendo o home, como á hora de ir cobrar o leite. E non só á hora de cobrar, senón tamén á hora de ver eses cartos traducidos nun salario.

As mulleres gandeiras, sexan ou non titulares, traballan moito; e traballando moito, sería bonito que tivesen un soldo para recompensar ese traballo. Pero nas explotacións entran os cartos como ingresos brutos, e as mulleres non adoitan en pensar na posibilidade de sacar un salario propio para elas mesmas. Non é que lles

falte de nada pero, tendo unha retribución propia a fin de mes, de seguro que sentirían máis valorado o traballo que fan.

■ Que opina de que se exclúan das axudas á cotitularidade ás labregas maiores de corenta anos?

Penso que as labregas maiores de corenta anos tamén necesitan esa axuda. As mulleres sempre foron as últimas á hora de cotizar á Seguridade Social e, a maioría de nós, comezamos a cotizar tarde. Iso foi así porque, cos prezos baixos a que nos pagaron o leite, se foron primando outros investimentos nas explotacións antes que a cotización das mulleres. As axudas á cotitularidade non deberían facer discriminación de idade pois, ao fin e ao cabo, somos as mulleres as quen tiramos do medio rural co noso traballo. Por iso, todas as axudas que nos dean son poucas.

“O cooperativismo é indispensable se queremos que mellore a nosa calidade de vida”

■ Falando de temas máis positivos, creo que a vostede lle cambiou ben a vida dende que decidiron formar unha cooperativa leiteira en Añá.

Si. A cooperativa permítnos mellorar moito en calidade de vida. Agora somos cinco persoas que estamos a traballar xuntas. Non é o mesmo que traballar unha ou dúas persoas soas sen falar con ninguén.

Agora, por exemplo, podemos dispoñer de vacacións. Levo 27 anos casada, e fai tres anos que comecei a ter quince días de lecer no verán. Antes, non tiñamos opción. Para calquera saída, non podíamos ir xuntos meu home e máis eu, pois alguén tiña que quedar coas vacas. Cando non estaba na cooperativa tiven experiencias difíciles, como cando operaron ao meu home e me fixen cargo de todos os traballos da explotación mentres estaba ingresado, sen case poder visitalo en tanto estivo convalecente.

■ Daquela, ¿aconsellaría a calquera explotación que se asocie a outras?

Si, eu animaría á xente a sacar adiante experiencias coma esta. Se cadra, dende o punto de vista económico non medramos tanto como imaxinabamos pero, así e todo, a experiencia desta cooperativa é moi positiva.

Creo que o cooperativismo é indispensable se queremos que mellore a situación da xente que vivimos do agro, que mellore a nosa calidade de vida e que dispoñamos de tempo libre.

A Conferencia da FAO sobre reforma agraria adopta ideas da Vía Campesina

O SLG acolle con cautela os avances acadados pola imposibilidade de poder impor as resolucións

A Conferencia Internacional sobre Reforma Agraria e Desenvolvemento Rural organizada pola FAO en Porto Alegre, Brasil, desenvolveuse entre o 7 e o 10 de marzo deixando un sabor

agridoce. Ao evento asistiu o responsable de Relacións Internacionais do SLG, Xosé Ramón Cendán, que explicou que, se ben "a resolución final da Conferencia foi bastante aceptábel,

pois recolleu de maneira xenérica moitas das posicións xurdidas do foro alternativo organizado pola Vía Campesina", non convén "facérmolos ilusións demasiado grandes".

En efecto, esta Conferencia da Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) botou para atrás, por exemplo, unha proposta de Estados Unidos e Brasil que pedía que os acordos da Organización Mundial do Comercio (OMC) fosen imperativos respecto das resolucións tomadas neste foro de Porto Alegre; pola contra, os Estados Unidos e os seus aliados bloquearon a proposta da Vía Campesina sobre sementes, transxénicos e biodiversidade.

De todos xeitos, a prudencia de Cendán á hora de valorar os aspectos positivos da Conferencia débese a que "a FAO non ten capacidade para impoñer as súas resolucións; aínda así, é importante, pois os países que se acollan a elas estarán máis lexitimados, do mesmo xeito que tamén contribúe a darlle lexitimidade á nosa loita".

Ademais, os acordos puideron quedar un tanto deslexitimados polo baleiro que os países ricos lle fixeron a este foro ao non mandar a persoeiros relevantes.



O coordinador da Vía Campesina, Henry Saraigh, durante unha intervención diante da FAO celebrada o ano pasado

Soberanía Alimentaria fronte ao modelo imperante

Saragih explicou que, fronte ao modelo alimentario dominante, na Vía Campesina "cremos que nunha reforma agraria xenuína e integral que inclúe quitarlle o control da terra, da auga, das riquezas mariñas, das sementes, e doutros recursos naturais a aqueles que os utilizan só para aumentar as súas propias ganancias; para darllos aos pobos da terra. O mercado debe reorganizarse para priorizar a produción local ecolóxica de alimentos culturalmente apropiada para o consumo de cada bisbarra: o que nós chamamos soberanía alimentaria".

Paralelamente á Conferencia da FAO, a Vía Campesina organizou o seu propio foro. Xunto a esta actividade houbo accións de denuncia, como a ocupación dun latifundio de 7.000 hectáreas en Porto Alegre por parte dos Sem Terra do Brasil (MST).

Outro dato que apunta a que as resolucións da FAO nesta Conferencia non van ter o peso internacional que deberan é que só oitenta países dos 188 invitados acudiron á cita, non estando presente nin o presidente ou presidenta de ningún estado.

Segundo explica Cendán, "a participación da Unión Europea foi decepcionante. Nin por parte da Comisión, nin dos estados membros, apareceu ninguén relevante a nivel político. E isto é algo que se pode estender de maneira xeral aos demais países industrializados".

O Coordinador da Vía Campesina,

O baleiro dos países ricos: "unha omisión perigosa"

Henry Saragih, criticou esta falta de interese dos países ricos pola reforma agraria como "unha omisión perigosa por moitas razóns. A crecente pobreza rural en cada currunchito do planeta é parte da crise humanitaria global na que estamos. O desprazamento de labregos e labregas, e tamén de pescadores e pescadoras, da súa terra de orixe, crea incontábeis sufrimentos, fame, perda de cultura, inseguridade e conflitos. Ao mesmo tempo, moitas áreas urbanas estanse volvendo in-

sostíbeis. O modelo industrial de produción de alimentos con monocultivos e agroquímicos, causou un dano ecolóxico que segue aumentando día a día a contaminación das augas, a erosión dos solos, a deforestación, a perda alarmante de biodiversidade, e a diseminación de enfermidades tanto a produtores e produtoras, como á cidadanía".

De aí a importancia de "reexaminar o modelo dominante de reforma agraria e desenvolvemento rural que, hoxe por hoxe, se basea nas políticas de mercado e impoñen a industrialización e mercantilización da produción de alimentos".

A ONU ratifica a prohibición das sementes transxénicas Terminator

A Vía Campesina amosou a súa satisfacción despois de que, o 24 de marzo, o grupo de traballo da Convención sobre Biodiversidade da ONU en Curitiba decidise manter e fortalecer a moratoria de facto que pesa sobre a tecnoloxía Terminator.

No anterior Fouce, informabamos das presións que países produtores de transxénicos como Estados Unidos, Canadá, Australia, Nova Zelandia e Arxentina, estaban a facer para que este foro levantase a prohibición

que existe dende o ano 2000 contra as sementes manipuladas Terminator en agricultura. Esta tecnoloxía consiste en inserir xenes nas sementes de maneira que fican estériles: a semente orixinal medrará, pero as producidas pola planta non xermolan.

A decisión de manter a moratoria foi tomada ao tempo que miles de labregos e labregas da Vía Campesina protestaban no lugar. Nun comunicado, esta organización internacional á que pertence o SLG congratu-

lábase desta "vitoria para as labregas e labregos, pobos indíxenas, mocidade, ONGs, grupos ecoloxistas e outras organizacións da sociedade civil que, dende hai moito tempo, veñen desenvolvendo campañas en contra das corporacións multinacionais donas de patentes de sementes suicidas (tales coma Monsanto, Syngenta ou Dupont)".

A pesares da vitoria, dende a Vía Campesina informaron de que non van diminuír os esforzos ata "a



Ocupación dun centro de investigación de Monsanto en Goiás, coincidindo coa Conferencia da Biodiversidade da ONU

completa prohibición internacional da tecnoloxía Terminator", xa que "non se deben facer investigacións dunha tecnoloxía inmor-

que aumentará a fame no mundo, impedindo que millóns de labregos e labregas poidan gardar as súas propias sementes".

O Ribeiro érguese contra as adegas que racharon os acordos da Mesa do Viño

Dous milleiros de persoas esixiron en Ribadavia, o pasado 10 de abril, prezos dignos para a uva

A traizón dos acordos da Mesa do Viño por boa parte das adegas que se comprometeron a eles, levou aos tres sindicatos agrarios a unir forzas. Inicialmente, organizouse unha grande mani-

festación en Ribadavia o 10 de abril. A mobilización logrou xuntar a dous milleiros de persoas ante a sede do Consello Regulador do Ribeiro para esixir demandas comúns coma uns

prezos xustos para a uva, ou o respecto dos acordos da Mesa do Viño. Lidia Senra xa advertiu: "se non hai resposta satisfactoria das nosas demandas, imos seguir adiante".

As persoas que se manifestaron partiron dende as ribeiras do Avia para facer un percorrido polo casco histórico da vila ata a sede do consello regulador. Alí, representantes dos tres sindicatos agrarios convocantes expuxeron as razóns das mobilizacións. Por parte do Sindicato Labrego, foi a súa Secretaria Xeral, Lidia Senra, quen explicou as demandas irrenunciábeis do sector: "hoxe desprazámonos aquí para esixir que se cumpran os acordos. Non hai nada máis indecente que o feito de que as empresas, de xeito unilateral, incumplan os seus compromisos de cara á vendima do 2005. De 19 adegas do Ribeiro que se comprometeron, só tres se aproximan ao acordo que se acadou. E quen traballa, ten que cobrar".

Aínda que o cumprimento dos acordos da Mesa do Viño era a demanda inmediata, Senra tamén explicou que "estamos aquí para reclamar futuro". A este respecto, a Secretaria Xeral do SLG vinculou o relanzamento do sector vitivinícola do Ribeiro á fin da fraude para que "todo o viño que se vende no mercado como Ribeiro sexa realmente Ribeiro".

O outro factor de futuro sería e á reconquista do mercado interior galego por parte dos nosos viños. Lidia Senra afondou nesta cuestión ao lembrar que "dende que entramos no Mercado Común, estannos a dicir que debemos conquistar os mercados foráneos. Pero a realidade é que, mentres se nos di isto, o noso viño e o noso augardente están a perder o mercado galego que sempre foi, e debe seguir sendo, o noso principal consumidor".



Unha marea de xente encheu as rúas de Ribadavia para defender o sector vitivinícola

Outra das reivindicacións do Sindicato Labrego foi que "para que a comarca do Ribeiro volva ter un medio rural vivo, é imprescindible que quen cultiva as viñas teña remunerado o seu traballo. Non podemos admitir que calquera sector profe-

sional negocie á alza as súas retribucións, mentres a nós se nos queira pagar á baixa. Por iso, dende o Sindicato Labrego Galego, reivindicamos prezos mínimos que cubran os custes e o traballo de produción". Para isto último, Senra viu como

fundamental "establecer contactos para que todo o produto se venda mediante contratación", ao que engadiu que "nesa lexislación que regule os contratos débense establecer mecanismos que garantan o cumprimento dos acordos".

Das 19 adegas que adoptaron os acordos, 13 aínda non pagaron a uva que mercaron

Os acordos da Mesa do Viño do Ribeiro consistiron en pagar as castes Xerez e Palomino a 52 céntimos para a uva de 9'6º, sumando ou restando 0'3 céntimos por cada décima de grao máis ou menos. Nas castes consideradas "preferentes", o prezo acordado foi de 1'10 euros por quilo para 10'5º, aumentando ou deprezando en 0'6 céntimos cada décima de grao de diferenza.

En canto ao cumprimento destes acordos, quen máis se aproximou foi a Coope-

rativa Vitivinícola do Ribeiro, con 48 céntimos para a uva Xerez e 1 euro para a Treixadura; cómpre dicir que a Cooperativa asinou un acordo cos seus viticultores e viticultoras, e coa Consellaría de Medio Rural. Ese mesmo acordo asinárono tamén as adegas Cunqueiro e Rodríguez Méndez, pero aínda non pagaron.

Entre as adegas que pagaron xa as uvas están A Portela (36 céntimos para a Xerez e 78 céntimos para a Treixadura), Campante (33



céntimos para a Xerez, e entre 60 céntimos e 1 euro para a Treixadura), O Ventosela (29 céntimos para a Xerez e 72 céntimos para a Treixadura), Pazo do Mar (38 céntimos para Xerez, e entre 60 céntimos e 1 euro para a Treixadura), e Villa-

A OMC e a Unión Europea detrás da caída dos prezos

Lidia Senra criticou "a política agraria que se nos está a aplicar de cara a propiciar que as empresas poidan ter materia prima barata".

Precisamente, o que propicia que o viño suba e as uvas baixen é "a política que se nos impón a través da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio (OMC). Nós non aceptamos que sexan organismos internacionais quen estean a marcar as pautas para o noso futuro".

A Secretaria Xeral do SLG rematou lanzando un aviso ás empresas que non respectaron os acordos: "se non hai unha resposta satisfactoria das demandas que esiximos, imos seguir adiante e non imos parar ata que se cumpran os acordos, e ata acadar un prezo para as uvas que pague o noso traballo".

nueva Senra (36 céntimos para a Xerez).

Finalmente, non pagaron nada aínda Domecq, Antonio García Vázquez, Barbantiño, Docampo, Freijido, Loeda, Merlot Ibérica, Rey Lafuente, Rivera, Uceira, e Vázquez Nieves.

O SLG de Verín impulsa un mercado local de produtos agrarios frescos

O pleno municipal xa deu o seu apoio a esta iniciativa, que tentará ter unha periodicidade semanal

A raíz da campaña desenvolta polo Sindicato Labrego Galego no verán do 2005, coa instalación dunha carpa en Verín para promover o consumo dos produtos labregos da bisbarra, e en-

globada na campaña nacional en contra da Organización Mundial do Comercio (OMC), xurdiu a idea de crear un mercado local nesta vila ourensá, xa que a iniciativa devandita foi valorada

como de moi positiva por quen participaron nela. O inicio desta experiencia comercial está a madurar despois de que o pleno municipal verinés acordase colaborar coa iniciativa.

A proposta do local sindical en Verín, que demandou criterios comúns e información sobre o tema, tivo lugar unha xuntanza interna do SLG para marcar pautas xerais nos mercados de produtos frescos. O encontro tivo lugar en Compostela, o 26 de xaneiro, e nel acordáronse algúns dos puntos en común que deberían cumprir todos mercados a desenvolver por labregos e labregas:

■ A diferenciación das persoas que venden os seus propios produtos, das persoas que fan só revenda. A revenda debería ter unhas esixencias iguais ás dos outros postos de venda ambulante.

■ A concesión do permiso farase a nome da explotación, podendo exercer a venda calquera membro da mesma.

■ Cada explotación terá asignado un posto fixo, que deberá estar identificado

cun letreiro no que conste o nome, enderezo e o código de explotación da mesma.

■ Tendo en conta que a venda directa adoita a estar en mans de pequenas explotacións, as taxas para exercer a actividade deben ser baixas; mesmo en mercados de nova creación deberían ser gratuítas durante o primeiro ano. Este é o caso do mercado en Verín, no que se está a negociar a gratuidade dos primeiros doce meses, como apoio a implantación.

■ Outra posibilidade é que se permita a venda de todos os alimentos producidos e transformados na propia explotación. Este é un tema a tratar cos concellos, xa que teñen potestade na creación do regulamento, mesmo a nivel sanitario.

■ A implantación do mercado sería semanal, coa idea de comezar nesta campaña para aproveitar a venda dos



Coa campaña contra a OMC, o SLG promoveu por toda Galiza os produtos de cada bisbarra

plantíos.

Dende que celebrou os actos contra a OMC e o primeiro mercado de produ-

tos locais en Verín, o SLG traballou neste tema mantendo unha serie de xuntanzas cos responsábeis do Con-

cello. O asunto chegou ao pleno, que acordou aprobar a colaboración con esta iniciativa.

Queremos presentarlle un presuposto para o seguro do seu coche

Prezo reducido para labregos e labregas afiliad@s ao Sindicato Labrego Galego!!

Dirixase ao seu local do SLG coa documentación do vehículo, último recibo do seguro en vigor e permiso de conducir

PRESUPOSTO SEN COMPROMISO

Unha experiencia que o local sindical verinés estende a tod@s os labreg@s da comarca

A intención do Sindicato Labrego coa posta en marcha deste mercado é a de dar un pulo ao sector produtor da comarca verinesa. Son moitas as razóns que levaron ao SLG de Verín a traballar nesta iniciativa. O primeiro paso deuse ao tomar conciencia da importancia que teñen os labregos e labregas como parte activa na dinamización da comarca, pois o desenvolvemento da mesma parte dunha boa saúde do seu sector primario. Por iso, é importante que se valore papel dos labregos e labregas como dinamizadores da economía local.

O SLG de Verín ten clara a necesidade "de concienciar á xente das vantaxes que ten consumir produtos frescos locais", sobre todo nesta época "na que os escándalos alimentarios sementan paranoia entre a cidadanía". Charo Sánchez Parga, unha das impulsoras desta iniciativa, explica que "o mercado local e, consecuentemente, a venda directa, co contacto que xera entre labregos e labregas e quen lles merca, reforza a confianza da xente, e fainos partícipes no desenvolvemento da nosa economía".

Nestes intreos, o SLG de Verín está en proceso de contactar con todos os labregos e labregas da comarca a quen lle interese ofrecer os seus produtos neste mercado, polo aproveitan as páxinas de Fouce para "animar á xente a contactar connosco no local do Sindicato para informarlles das cuestións mais concretas desta experiencia.

O SLG volveu denunciar no 8 de marzo a desigualdade das labregas

Cotitularidade sen regular, falla de servizos sociais ou discriminación fiscal son materias aínda pendentes

No Día da Muller Traballadora, a Secretaría das Mulleres do SLG denunciou a especial discriminación que sofren as labregas. Boa parte da situación de desigualdade que seguen a sofrer as agricultoras e gandeiras vén por mor da falla de servizos que padece o noso medio rural, pois obrigaas a apandar cos traballos domésticos, amais dos propios da explotación, coma o coidado de nenos e nenas, asistencia a persoas maiores ou discapacitadas, e labores de fogar. Por riba, segue sen resolverse o problema da cotitularidade nas explotacións.

A pesares disto, a día de hoxe a Administración aínda non regulou o problema da cotitularidade, polo que o meirande das nosas labregas, mesmo as que cotizan á Seguridade Social, non figuran como titulares da explotación na que traballan. Isto fai que se produzan situacións de discriminación que non existen noutros sec-

tores laborais, como a perda dos dereitos de produción en caso de separación do cónxuxe.

A última situación discriminatoria denunciada pola Secretaría das Mulleres foi a retirada da paga de 100 euros ao mes por ter fillos e fillas ao cargo ás mulleres labregas, precisamente por non ser titulares da ex-

plotación.

Emporiso, a Secretaría das Mulleres do SLG reclamou no 8 de marzo que a Administración solucionase de maneira urxente o problema da cotitularidade nas explotacións, un primeiro paso para comezar a paliar a especial discriminación que sofren as mulleres labregas do noso país.

Polo demais, o SLG participou activamente nos actos que convocou a Marcha Mundial das Mulleres para o sábado, 11 de marzo, en Compostela, asistindo á manifestación convocada na Alameda cunha pancarta que levou como lema "Labregas co feminismo: Imprescindíbel para sermos recoñecidas".

Traballo exclúe ás labregas maiores de 40 anos das axudas á cotitularidade

A Consellaría de Traballo aproveitou o 8 de marzo, Día da Muller Traballadora, para anunciar con moito rebumbio un acordo co seu Ministerio homólogo para conceder axudas de ata o 50% para tentar que as labregas poidan acceder á cotitularidade das súas explotacións.

Será unha boa nova de non ser porque este acordo exclúe as agricultoras e gandeiras maiores de corenta anos. Así o denunciou a Secretaría das Mulleres do SLG, pois "a inmensa maioría das labregas que demandan información sobre esta medida non se poden acoller por ser superar esta idade".

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego instou ao Conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, e á Tesourería Xeral da Seguridade Social, a ampliar o acordo polo que entrambos bonifican co 50% a alta na Seguridade Social Agraria a conxugues de titulares de explotación agraria menores de corenta anos, de tal xeito que se beneficien tamén cónxuxes titulares que superen esta idade.

A razón fundamental desta petición é que, actualmente, hai un número de mulleres con máis de corenta anos nas explotacións que supera con moito ao das labregas que non chegan a eles. De feito, a inmensa maioría de mulleres que demandan información sobre esta medida non se poden acoller por ser maiores de corenta anos.



Á esquerda, labregas do SLG participando na manifestación da Marcha Mundial; á dereita, a manta da comarca de Ordes

Xuntas, tecendo as nosas vidas: III Festa das mulleres na comarca de Ordes

Xa pasou outro ano, e con este vai o terceiro en que as mulleres da comarca de Ordes nos xuntamos para celebrar o 8 de marzo, Día da Muller Traballadora.

Este ano, a Coordinadora Comarcal de Mulleres, formada por Pepa de Galegos, Carme de Bean, Aurita de Cerceda, Marisol de Añá; e máis as traballadoras do local do Sindicato Labrego da bisbarra: Tareixa, Bea e María, decidiron que a xuntanza deste ano fose na parroquia de Visantoña, no concello de Mesía.

Nos actos, contouse co apoio da Asociación de Veciñ@s de Visantoña, e ás 11 horas comezou a chegar a xente ao local social das Brañas, despois de deixar feito o traballo de todos os días. Iso si, nese 8 de marzo as tarefas remataron un pouco máis cedo, segundo comentaron as participantes "para poder ir pasar unhas horas coas compañeiras; e celebrar a nosa vida toda, tan rica, importante e valiosa".

As organizadoras da xornada explicaron que "este ano a festa virou en torno á nosa manta, a manta da comarca. Esta idea xurdiu porque o ano pasado, dende a Marcha Mundial das Mulleres, fixérase unha manta que andou por todo o mundo, actividade na que o Sindicato Labrego Galego tamén participou. Fomos tecendo, cosendo parte da nosa vida e das nosas cousas, nunha manta feita por diversos grupos de mulleres. Cosemos un anaco en Añá, outro anaco en Cardama, en Galegos, varios en Gorgullos, en Ordes, en Cerceda, etcétera, ata xuntarmos oito anacos que levamos o día 8 (iso si, agachados)". Finalmente, "chegou a hora de presentarnos e fixémoslo por grupos, co noso anaco de manta, e aproveitamos para facermos unhas fotos".

Despois deste momento quedaba o labor de unir. Despois de moito medir, unhas comezaron a tecer; e as outras, facendo de agulla, dedal ou

fío, puxéronse a xogar e, por suposto, a rir.

Rematada a tarefa veu outra sesión fotográfica e a hora de contemplar o traballo feito coa manta da comarca.

Co traballo feito, chegou a hora do xantar, intre que se aproveitou para "compartir as nosas cousas, cos alimentos que trouxemos das nosas casas: chourizos, xamón, tortillas, marmelo, queixos, empanadas, e un montón de doces".

De cara ao final da xornada, "entre risa e risa, e entre conversa e conversa, tivemos que recoller se queríamos bailar e cantar un pouquiño antes de irnos. As mulleres de galegos tiñan unhas cantigas preparadas que entre todas estivemos entoando. Despois, deron as cinco e tivemos que volver ás nosas casas, pero aínda quedou tempo para botar unha danza de despedida, unha danza de agradecemento as compañeiras, á terra, á vida, e á nós, as mulleres".

Axudas para a mellora e o afianzamento da calidade do leite nas explotacións

O obxecto da orde é convocar as axudas para o ano 2006 ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora e o afianzamento da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde os produtores de leite de vaca que teñan cantidade de referencia asignada na campaña 2006/2007 e cumpran coas obrigas impostas polo réxime de taxa suplementaria, e que par-

ticipen en programas de mellora e afianzamento das condicións hixiénico-sanitarias da súa explotación e do leite obtido nela.

O importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde non poderán superar, en ningún caso, o 50 por 100 dos gastos derivados do desenvolvemento do programa.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o **2 de maio de 2006**.

Máis información na súa oficina sindical máis achegada.

Compensacións pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades dos animais

O obxecto desta orde é establecer axudas para compensar o lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira por motivos de EEB ou outras enfermidades sometidas a programas de erradicación.

Os beneficiarios serán titulares das explotacións en que se sacrificasen ou destrúisen de forma preventiva todos os animais ruminantes por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dal-

gunha das encefalopatías esponjiiformes transmisibles ou doutra enfermidade sometida a un programa oficial de control e erradicación, recibirán unha compensación por ingresos non percibidos de acordo co establecido nos seguintes artigos desta orde.

O prazo de presentación vai desde o día seguinte da data de publicación desta orde ata o **21 de novembro de 2006**, incluíndo esta data no cómputo do prazo.

Prorrogan o prazo de presentación de solicitude para o pagamento único e outras axudas directas á agricultura e gandería ata o 28 de abril de 2006

Axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñado en Galiza

O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñado en Galicia, abranguendo algunha das accións seguintes:

- a) Reconversión varietal.
- b) Reimplantación de viñedos.

c) Melloras das técnicas de xestión do viñado.

As solicitudes de axuda presentaranse **entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2006**, e as bases ser consultadas no Diario Oficial de Galiza do 30 de marzo. Máis información na súa oficina sindical máis achegada.

Programas de promoción e divulgación do cooperativismo

Esta orde ten por obxecto promover e divulgar o cooperativismo, a través dos seguintes programas:

-Programa I: impulso de proxectos empresariais cooperativos.

-Programa II: adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

-Programa III: fomento e consolidación do asociacionismo.

-Programa IV: actividades de pro-

moción do cooperativismo.

-Programa V: fomento do acceso á condición de socio traballador.

-Programa VI: apoio ás coope-
rativas prestadoras de servizos sociais e de integración social.

O prazo de presentación de solicitudes para os programas I, II, IV, V e VI rematará o **30 de xuño de 2006**. O prazo de presentación de solicitudes para o programa III rematará o **29 de maio de 2006**.

Habilitación das profesións de enólogo, técnico vitivinicultor, e técnico en elaboración de viños

Esta orde, publicada no Diario Oficial de Galiza do 22 de marzo, ten por obxecto establecer o procedemento para obter a habilitación para o exercicio das profesións de enólogo, técnico especialista en vitivinicultura e técnico en elaboración de viños no ámbito de Galiza, por aquelas persoas que carecendo da titulación académica legalmente exixida cumpran as condicións establecidas na presente orde.

O prazo de presentación das solicitudes será de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde, é dicir, ata o **22 de setembro de 2006**.

Axudas a iniciativas locais de emprego ou iniciativas de emprego rural cofinanciadas polo FSE

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións establecido pola Consellería de Traballo, coa finalidade de fomentar e promover a creación de empresas innovadoras, económica e financeiramente viables, que xeren emprego estable no ámbito local e no medio rural.

As modalidades de axuda son as seguintes:

- a) Subvención á creación directa de emprego estable.
- b) Subvención para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación.
- c) Apoio á función xerencial.
- d) Subvención financeira.
- e) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.

As solicitudes de axudas deberán presentarse antes de que transcorra un ano desde que se inicia a actividade da empresa. Para o ano 2006, o prazo xeral de presentación de solicitudes finalizará o 15 de setembro de 2006. Poden solicitar máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Concurso de iniciativas de proxectos cooperativos e Premios do Consello Galego de Cooperativas á cooperación

Poderán participar neste concurso as persoas pertencentes a colectivos tales como axentes de desenvolvemento local, axentes de extensión pesqueira, de extensión agraria, técnicos de emprego, técnicos de grupos de acción local, orientadores educativos e laborais, técnicos das consellerías de Pesca e Asuntos Marítimos, Medio Rural e Traballo, así como técnicos das asociacións de cooperativas, etc.

Os proxectos terán por obxecto o impulso e aproveitamento dos recursos locais en Galiza, a través da fórmula cooperativa.

Poderán presentarse proxectos individuais ou colectivos. Os proxectos presentaranse **antes do 31 de maio de 2006** no Consello Galego de Cooperativas.

O mellor proxecto recibirá un único premio de 5.000 euros, dos

cales 3.000 entregaranse tras a resolución do xurado, e 2.000 entregaranse trala presentación da memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto.

■ **Premios do Consello Galego de Cooperativas á cooperación.** Poderán optar a estes premios cooperativas, as súas asociacións e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, cun labor destacado no cooperativismo en Galiza.

Os premios á cooperación convócanse baixo as seguintes modalidades: Premio aos valores cooperativos, Premio ao mellor proxecto cooperativo, e Premio á promoción do cooperativismo.

Cada un dos tres premios conta cunha dotación económica de 6.000 euros.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Cisterna GALAGRI de 7.000 litros, con eixo tándem e ballestas. O eixo é posterior e autodireccionable.
Preguntar por Xoán no teléfono 619 969 622.

Véndese

-Remolque autocargador semipacador CLAAS 300 K, de 1995. Matriculado.
-Cisterna COMPAR de 2.500 litros. Preguntar por Pablo no teléfono 629 613 924.

Véndese

Xovenca de raza Rubia, preñada. Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249.

Véndese

-Ciclomotor en boas condicións.
-Cisterna de 3.000 litros. Chamar ao 626 334 770

Véndese

Regadio con motor con carro LANDINI de 26CV, 48 tubos de 3 polgadas, 20 aspersores, 3 tapóns, 2 tes e 1 alcachofa.
En Xinzo de Limia (Ourense). Chamar ao 651 135 277

Véndese

Autocargador rotativo marca MORRA. 2 anos de uso. Chamar ao 982 163 465.

Véndese

-Sala de muxido marca WESTFALIA con 4 puntos, 2 medidores, descarga e lavado automático.
-Tanque de frío de 650 litros marca HAPY. En Vilalba (Lugo). Chamar ao 982 527 406

Véndese

Fresa AGROTOR 1'60. Chamar ao 982 502 280

Véndese

Rastrillo marca CHAS modelo 470, con tres campañas. Chamar aos teléfonos de contacto 982 330 487 e 626 991 660.

Véndese

Muíño de pedra eléctrico. Chamar ao 981 195 166.

Véndese

22 vacas nutrices. Preguntar por Muñiz no teléfono 625 527 874.

Véndese

Tanque de frío marca HAPY, con capacidade de 1.000 litros. Bo prezo e excelente estado. Preguntar por Plácido no teléfono 699 396 604

Véndese

Tanque de frío de 500 litros. Chamar ao 636 068 042.

Véndese

Moto de monte RIEJU 50 RR, en bo estado. Chamar ao 982 170 672.

Véndese

-Remolque para tractor pequeno, en bo estado e de prezo asequible.
-Forno de pedra en bo estado. Preguntar por Pedro no teléfono 630 818 278

Véndese

-Trigo trimesino.
-Egua branca e marrón. Chamar ao 655 454 367.

Véndese

-Furgoneta MERCEDES BENZ.
-Dous invernadoiros. No Concello de Somozas. Chamar ao 981 419 133 e ao móbil 686 490 023.

Véndese

Xovencas Frisonas. Chamar ao 982 164 477

Véndese

Circuíto de muxido de tres puntos marca WESTFALIA, con lavado automático. Preguntar por Xosé no teléfono 982 137 615.

Véndese

Cinco vacas rubias marcadas. Chamar ao 689 752 400.

Véndese

Autocargador MAGAL, de 22 metros, unha coitela, e con descargue hidráulico. Chamar ao 982 160 266.

Véndese

-Tractor JOHN DEERE 6310, con 800 horas.
-Empacadora GALLIGANE con picador. Preguntar por Antonio no teléfono 649 104 496

Véndese

-Limpadoras.
-Un muíño de tractor. Chamar ao 982 175 132

Véndese

Tractor JONH DEERE 2140 con dobre tracción. Importado, matriculado aquí, en perfecto estado de uso. Preguntar por Manolo nos teléfonos 981 571 722 ou 676 410 981

Véndese

Estendedor espaxecedor de herba (tamén *hiler*) marca PZ VICON HS 360. En bo estado. Chamar aos números de teléfono 981 699 226 ou 626 285 992

Véndese

-Rotativa CLAAS de 1'85.
-Carro mesturador.
-Tractor John Deere 2135 con pa. Chamar ao 628 071 424

Véndese

-Segadora marca BCS, de 4 rodas, encendido electrónico.
-Segadora BERTOLINI Moto Agro, de 3 rodas. Chamar ao 660 740 593

Véndese

-Tractor JOHN DEERE 6629 Premium, de 3 anos e 3.500 horas de traballos agrícolas.
-Sementadora de millo SEMEATO SPE5 de 5 liñas de sementeira directa. 2 anos. Chamar ao 676 190 100

Véndese

Touro de raza Rubia, de tres anos e medio. Chamar ao 619 937 274

Véndese

Espaxecedor de silo ZAGA, con só unha campaña de traballo (foi mercado o ano pasado). Chamar ao 666 667 445, a partir das 20:00 horas.

Véndese

-Autocargador rotativo marca CALAGRI, seminovo.
-Segadora marca BERTOLLINI Chamar ao 981 787 013

Véndese

Picador seminovo KRÖHNE, de 28 m. de capacidade. Chamar ao 982 164 443

Véndese

Vaca de raza Cachena de tres anos. Chamar ao 982 314 118

Véndese

Tubos de protección de cepa para plantacións de viñedo. En Eiras, San Amaro (Ourense). Chamar ao 637 971 148

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL, en perfecto estado. Chamar ao 981 796 590

Véndese

Rulos e pacas de herba seca. Chamar ao 981 681 103

Véndese

-Fariña de trigo para facer pan.
-Salvado para o gando. Chamar ao 619 176 066

Véndese

Volkswagen Polo a gasóleo. En bo estado, sempre gardado no garaxe, con matrícula Coruña-CC. 80.000 quilómetros. Chamar ao 660 167 390

Véndese

Tractor JONH DEERE 6310, con 3.000 horas de uso. Chamar ao 659 659 418

Véndese

Autocargador picador CLAAS, modelo Sprint 445 P. Chamar ao teléfono 981 164 051 e ao 660 442 783

Véndese

Circuíto de muxido de 4 puntos, marca SAC. Chamar ao 981 788 236

Véndese

-Silo de penso para 5.000 quilos.
-Arado de tres vertedeiras. Preguntar por Francisco nos teléfonos 982 160 657 e 647 172 807.

Véndese

-50 rulos de herba seca.
-Semente de herba Ray Grass. Chamar ao 982 176 748

Véndese

-Muíño de moer trigo, mainzo, etcétera. Practicamente novo.
-Alpacas boas. Chamar ao 981 788 211

Véndese

Xovencas de raza frisona, con carta xenealóxica. Preguntar por Moncho no teléfono 982 144 016

Véndese

Colleitora de cereal DEUTZ FAR de 4'20 metros de corte. Chamar ao 988 445 386

Véndese

Desbrozadora lateral hidráulica. Chamar ao 689 752 400.

Véndese

Vacas de leite. Chamar ao 630 818 278

Véndese

Rotoempacadora CLASS, modelo Rollant 46. Chamar ao 981 797 225.

Véndese

4 xovencas preñadas con carta, próximas ao parto. 981 781 879

Véndese

Herba seca en rolos. En Outeiro de Rei (Lugo). Chamar ao 982 393 241

Véndese

-Batedor de zurro.
-4 lamas (cast: llantas) de coche marca MOMO.

-4 rodas novas, lamia 15.
-2 rodas de remolque agrícola montadas en discos de 14 lonas. Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060.

Véndese

Pacas grandes de herba seca. Chamar ao 982 345 142

Véndese

-Rotativo BONINO 45.
-Enroladora CLASS 46. Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 690 333 428.

Véndese

-Tractor de 130 CV, seminovo.
-Tolva de penso para tractor. Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Remolque espaxecedor de abono.
-Rotativa.
-Arado de 3 regos. Chamar ao 628 071 424

Véndese

-Circuíto de muxido GASCOIG-NE, con lavado automático.
-Tanque de refrixeración ALFA LAVAL de 735 litros. Preguntar por Lisardo no teléfono 982 178 265.

COMPRAS

Mércase

Sistema de limpeza por cable para cortes. Chamar ao 982 164 045

Mércase

Tractor pequeno. Preguntar por María Xesús no teléfono 699 348 754

Mércase

Tanque de frío de 3.000 litros de capacidade. Chamar ao 982 164 045

Mércase

Segadora BCS. Preguntar por Luís no teléfono 982 363 634

Mércase

Cisterna de 6.000 litros en bo estado. Chamar ao 609 733 289

OUTROS

Ofrécese

Traballador con experiencia na actividade agraria e en manexo de maquinaria. Para a provincia d'A Coruña. Chamar ao teléfono 690 094 795 ou ao 648 037 002

Ofrécese

Rapador profesional de ovellas para a campaña 2006. Preguntar por Adrián nos teléfonos 629 086 879 e 618 778 378

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Sabes como sabe?
Suprema,
de Ternera Gallega



Disfruta  Suprema